


PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS DE NOVELA CURTA



5ª EDICIÓN - 2020

FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS

Coa finalidade de estimular a creación literaria, fomentar a lectura en lingua galega e proporcionarlle a nenos e nenas, adolescentes e público en xeral obras de calidade que lles permitan achegarse ao engaiolante mundo da novela, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca o

PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS DE NOVELA CURTA



Concello de
Vila de Cruces

BASES

1. Poderán participar todas as persoas que o desexen, con textos inéditos escritos en lingua galega destinados ao público infantil e xuvenil.
2. Enviaranse 3 exemplares dos traballos á sede da Fundación Xosé Neira Vilas: 36587 Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). Levarán un título. En sobre pechado aparte, deberán consignarse por fóra o mesmo título e dentro o nome e apelidos do autor ou autora, enderezo e teléfono.
3. Os traballos terán un mínimo de 50 páxinas e un máximo de 150, mecanografados en letra “Times New Roman”, corpo 12 e dobre espazo.
4. O prazo de recepción de orixinais remata o 9 de outubro de 2020.
5. O premio entregarase o 3 de novembro de 2020, coincidindo co aniversario do nacemento de Xosé Neira Vilas.
6. O “Premio Xosé Neira Vilas de novela curta” ten unha dotación económica de 1.000 euros, estando suxeito ás correspondentes obrigas tributarias. Publicarase a obra galardoada.
7. Os orixinais non premiados serán retirados polos respectivos autores no prazo de 30 días contados a partir da entrega do premio.
8. O xurado poderá declarar deserto o premio e o seu ditame será inapelable.
9. A participación no “Premio Xosé Neira Vilas de novela curta” supón a aceptación das súas bases.